



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2022/4, Ordinaria REALIZADA O xoves 28 de xullo de 2022 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

Concelleiros/as:

Grupo Municipal AdV

SUSANA GUIMAREY GARCÍA

FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA

MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ

Grupo Municipal PP

JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO

MARGARITA RAMILO VARELA

CARLOS BARBEITO REY

Grupo Municipal PSOE

PABLO COUTO LÓPEZ

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

PATRICIA BLANCO FIDALGO

Concelleira non adscrita

FLORINDA DUARTE GERPE

Ausencias:

DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO (PP)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Secretaria:

EVA JARDÓN LÓPEZ

Técnica xurídica

SONIA CAMPOS ARES

HORA DE INICIO: 20:30

HORA DE REMATE: 21:48

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:30 do xoves 28 de xullo de 2022, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 280/2022 e segundo acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense en sesión 2022/4, Ordinaria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1. Toma de posesión da concelleira do PSOE dona Patricia Blanco Fidalgo.

2. Parte resolutiva da sesión

2.1. Aprobación da acta da sesión anterior 3/2022 correspondente a sesión celebrada o 26 de maio de 2022.

2.2. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022 da Deputación Provincial da Coruña (2ª fase).

2.3. Aprobación inicial da modificación orzamentaria 13/2022, suplemento de crédito 1/2022



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.4. Aprobación inicial da modificación de crédito 14/2022, transferencia de crédito 5/2022 entre partidas de distinto grupo de función

2.5. Aprobación definitiva da desafectación transitoria e cesión gratuíta ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) do Centro de Saúde de titularidade municipal do Concello de Carral

3. Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación.

3.1. Dación de conta dos decretos da Alcaldía dende o número 189/2022 ata o 279/2022 e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

4. Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

5. Rogos e preguntas.

O Alcalde abre a sesión sendo as 20:30 horas do xoves 28 de xullo de 2022, comezando polo primeiro punto do orde do día:

1.- Toma de posesión da concelleira do PSOE dona Patricia Blanco Fidalgo.

A concelleira dona Patricia Blanco Fidalgo promete o seu cargo mediante a formula recollida no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargos o funcións públicas e pasa a incorporarse ao Pleno como concelleira.

No acto, achégase escrito do Grupo Socialista de Carral no que se comunica a renuncia como voceiro de don Pablo Couto López pasando a ocupar este posto dona Patricia Blanco Fidalgo e do mesmo dase conta ao Pleno.

2.-Parte resolutiva da sesión.

2.1.- Aprobación da acta da sesión anterior 3/2022 correspondente á sesión celebrada o 26 de maio de 2022.

O Alcalde pregunta aos concelleiros se teñen algo que dicir respecto da mesma, non existindo observacións procédese á votación co seguinte resultado.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Votacións:

Votacións a favor 12

- 3 PSdeG-PSOE
- 3 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

RESULTADO: APROBADA

2.3.- Proposta da alcaldía ao pleno para participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022 da Deputación Provincial da Coruña (2ª fase).

No expediente consta a seguinte proposta de Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria do 27 de maio de 2022, aprobou a modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 para a regulación do POS+ADICIONAL 2/2022, para o financiamento de gastos correntes do exercicio 2022, investimentos financeiramente sostibles e revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais. Concretamente engádesse a base 13 para a regulación do POS+Adicional 2/2022 así como os anexos XXII ao XXV cos modelos de documentación necesarios para a súa tramitación.

O Pleno deste Concello na sesión 1/2022, extraordinaria con contido de ordinaria, realizada o martes 08 de febreiro de 2022 acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 e aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se incluíron os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican así como aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata <i>(encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable)</i> (A)	IVE soportado deducible <i>(encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable)</i> (B)	Orzamento subvencionable <i>(encher esta columna se se enche a columna B por actuacións de abastecemento)</i> (C= A-B)
<i>Mellora no firme do camiño veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia, entre o lugar de Souto de Figueroa e o pazo de Vilasuso</i>	66.611,64€	-	66.611,64€
<i>Mellora peonil na rúa Alcalde Juan Seijas</i>	155.946,03€	-	155.946,03€



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

<i>Renovación da rede municipal de alumado con tecnoloxía LED na estrada DP-2103 en Sergude Carral</i>	48.298,25€	-	48.298,25€
<i>Recuperación da Praza da Capela no concello de Carral</i>	167.695,36€	-	167.695,36€
TOTAIS	438.551,28€	-	438.551,28€

O 20 de abril de 2022 recibíuse unha circular onde se lle comunicaba a este Concello a asignación do POS+AD 2/2022 para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostíbeis e/ou revisión excepcional de prezos na cantidade de 340.583,06€.

O 30 de maio de 2022 recibíuse circular sobre a aprobación da modificación das bases reguladoras do POS+2022 onde se comunicaba aos concellos que podían aplicar a achega provincial asignada dentro deste plan ao financiamento dos tres obxectivos previstos nas bases reguladoras, podendo optar por aplicalo libremente a un só deles, a dous ou aos tres, isto é, a gastos correntes, a investimentos financeiramente sostíbeis e/ou á revisión excepcional de prezos. O POS+Adicional 2/2022 aprobarase en dúas fases e os concellos poderán participar nunha ou nas dúas fases. A primeira fase incluírá unicamente os investimentos financeiramente sostíbeis xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2022, confirmando unicamente a súa inclusión antes do 30 de xuño de 2022, e a segunda fase incluírá o gasto corrente de servizos públicos obrigatorios, os novos investimentos financeiramente sostíbeis que o concello acorde financiar co cargo ao POS+AD 2/2022 e/ou revisión excepcional de prezos de contratos públicos de obras municipais antes do 05 de outubro de 2022.

O día 23 de xuño de 2022 ditouse a resolución da alcaldía 243/2022 modificando a resolución da alcaldía 229/2022, do 17 de xuño de 2022, na que se resolvía participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 da Deputación da Coruña confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada aos investimentos financeiramente sostíbeis xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2022:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2022	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora no firme do camiño veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia, entre o lugar de Souto de Figueroa e o pazo de Vilasuso	66.611,64€	0€	66.611,64€
Mellora peonil na rúa Alcalde Juan Seijas	155.946,03€	0€	155.946,03€
Total	222.557,67€	0€	222.557,67€

Tendo en conta que na primeira fase do POS+AD 2/2022 se confirmou a inclusión de dúas das obras incluídas no POS Complementario ao POS+2022 por importe total de 222.557,67€, quedando un total de 118.025,39€ para incluír na segunda fase do POS+AD 2/2022, esta alcaldía ten a intención de destinar o importe total da segunda fase a gasto corrente polo que, por todo o anteriormente referenciado, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes **ACORDOS**:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2022**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	118.025,39€



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos	

Deputación	Concello	Orzamento total

Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello

TOTAL					
--------------	--	--	--	--	--

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos	

Deputación	Concello	Orzamento total



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello
-------------------------	--------------------------------	-----------------------

TOTAL				
--------------	--	--	--	--

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
---------------------------------------	-------------------

Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	
---	--

D) Resumo de financiamento:

		Concello			
POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Gastos correntes servizos obrigatorios	118.025,39€	-		-	118.025,39€
---	-------------	---	--	---	-------------

Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
--	--	--	--	--	--

Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022					
--	--	--	--	--	--

Revisión excepcional de prezos obras municipais					
--	--	--	--	--	--

TOTAL	118.025,39€	-		-	118.025,39€
--------------	-------------	---	--	---	-------------

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

3.- *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.*

4.- *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.*

5.- *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

6.- *Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

7.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

Carral, na data da sinatura dixital

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose”

O Alcalde explica á Corporación que esta proposta refírese a participación do Concello no Plan Provincial de Obras e Servizos de competencia municipal, (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Aprobado o POS e o POS adicional do 2022 no pleno extraordinario de 8 de febreiro de 2022, aparece unha circular de Deputación polo importe exacto do Adicional, 340.583,06 e outra circular na que se admite que este POS poida destinarse a gastos correntes, por Decreto de Alcaldía se incluíron as dúas primeiras obras, que son a “Mellora do camiño veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumiío, de Barcia, entre o Lugar de Souto Figueira e o Pazo de Vilasuso” por un importe de 66.611,64 e a obra “Mellora peonil na Rúa Alcalde Juan Seijas” por un importe de 155.946,03, o que supón un total de 222.557,67 euros, polo que deducindo dos 340.583,06 quedaría para gastos correntes un importe de 118.025,39 euros, isto é algo que se está a facer en todos os Concellos para facer fronte ao incremento dos gastos correntes que supoñen un 50%.

Termina a exposición o Alcalde e concédelle o turno de palabra a dona Florinda que sen entrar a debate propón que o punto quede sobre a mesa, pois parécenlle ben as obras, que xa foron aprobadas nun pleno anterior, pero parécelle que o importe de 118.000 euros é excesivo para meter en gasto corrente, habendo outras cousas que facer.

Dona Patricia expón que a opinión do seu grupo é similar, pois pensan que de aquí a outubro hai tempo suficiente para presentar proxectos, e que o importe de 118.000 euros é excesivo.

Don Jose Luis tamén propón que quede sobre a mesa, e pide que sexan convocados os grupos políticos para decidir en que se van investir eses 118.000 obras.

Os concelleiros deciden votar se a proposta queda sobre a mesa, co seguinte resultado

Votacións:

Votos a favor: 7

3 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 5

0 PSdeG-PSOE



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

0 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

RESULTADO: A proposta queda sobre a mesa.

2.3.- Aprobación inicial da modificación orzamentaria13/2022, suplemento de crédito 1/2022

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: *Modificación de crédito 13/2022, Suplemento de crédito 1/2022*

Expediente: *2022/T002/000013*

En relación co expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos número 13/2022, Suplemento de crédito 1/2022 financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais , e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Vista a memoria subscrita por esta alcaldía en funcións en data 6 de xullo de 2022 na que se sinala “(...)As parcelas relacionadas, situadas entre a zona do Campo da Feira e a nacional 550, atópanse nunha zona de paso entre o Campo da Feira e a Praza da Capela que conta con deficiencias importantes para



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

asegurar a seguridade dos transeúntes. Trátase dunha zona de acceso rodado a un edificio de vivendas e de acceso peonil que conta cun firme irregular que xerou varias queixas de veciños e veciñas polos desniveis do pavimento. Ademais, existe na zona falta de salubridade que coa adquisición destas fincas e o adecentamento da zona serían solucionados” e que “a adquisición das parcelas de xeito oneroso, paso previo para a realización das actuacións previstas, supónlle ao Concello un custo total de 64.976,95€ pois as parcelas están valoradas segundo informe do arquitecto municipal en 24.036,61€ a parcela con referencia catastral 2467811NH5826N0001XK e en 40.036,61€ a parcela con referencia catastral 2467303NH5826N0001EK consonte ao levantamento topográfico realizado polo arquitecto técnico don Diego M. Rivas Rodríguez do dous de marzo de dous mil vinte e dous.

Unha vez adquiridas as parcelas será necesario acometer as actuacións de acondicionamento de acordo coa memoria técnica elaborada pola enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, dona Ana María García Gallo, subscrita o 17 de xuño de 2022, e onde se valoran as mesmas nun orzamento total de execución de contrata de 48.277,38€.

Por tanto, estamos falando dun custo total de 113.254,33€ necesarios para adquirir as fincas en cuestión e acometer as actuacións previstas e que son de urxencia acometer tendo en conta o estado do firme e as condicións de salubridade da zona.”. E xustificándose a urxencia das actuacións debido a que:” A adquisición das fincas sería o primeiro paso para aperturar totalmente a rúa que uniría a Praza da Capela coa rúa Víctor Velasco, evitando así que os traseúntes tivesen que cruzar o Campo da Feira e evitar as escaleiras que unen estas dúas zonas, realizar as obras de mellora do firme e realizar os traballos de limpeza necesarios para corrixir a situación de salubridade da zona acondicionando esta zona urbana nun espazo de calidade.

Esta situación fai urxente que se acometan as obras á maior brevidade posible para evitar accidentes que poidan sufrir os transeúntes así como solventar a situación de salubridade que se detecta nese ámbito tendo en conta que está no centro do pobo con nenos moi preto por atoparse o parque infantil do Campo da Feira case ao carón.”.

Visto que o orzamento de 2021, que rexe no prorrogado de 2022, se prevían, no Anexo de investimentos crédito para a adquisición dos terreos de acceso á praza da Capela na aplicación orzamentaria 150.6000 por importe de 20.000,00 € e crédito para a realización das obras de acceso á Praza da Capela na aplicación orzamentaria 150.61900, por importe de 7.500,00 €.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Tendo en conta que queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, isto é o carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores e a insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

Visto o informe asinado pola Interventora do Concello, dona Noemí González Mato en data 13 de xullo de 2022.

Por todo o anterior exposto, ante a existencia de gastos para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, faise precisa a modificación de créditos do devandito Orzamento da Corporación baixo a modalidade de suplemento de crédito con cargo ao remanente líquido de Tesouraría, polo que de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO** para a súa aprobación polo Pleno do Concello:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 13/2022, Suplemento de crédito 1/2022 financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, como segue a continuación:

Suplementos en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria	Discreción	Créditos iniciáis	Suplemento de crédito	Créditos Fin ais
150 60000	Inversións en terreos	20.000,00 €	44.976,95 €	64.976,95 €
150 61900	Outros investimentos de reposición de infraestructuras	113.146,00 €	39.873,33 €	153.019,33 €
IMPORTE TOTAL		133.146,00 €	84.850,28 €	217.996,28 €

Suplementos en Concepto de Ingresos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Aplicación económica	Descrición	Euros
8700	Remanente de Tesourería para gastos xerais	84.850,28 €
TOTAL INGRESOS		84.850,28 €

Segundo.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente, en Carral, na data que figura ao marxe, pola Alcaldesa en funcións, dona Susana Guimarey García.”

O Alcalde expón que dada a execución do orzamento había un remanente de 215.649,98 euros, realizados varios gastos, quedou un remanente de 84.850,28 decidiuse a compra dunhas parcelas, tírase da partida xa prevista na que hai 20.000 euros e do remanente destínase para isto unha contía de 44.976 o que supón un importe total de 64.976,95, serían os terreos que están a entrada do Campo da Feira, para dar acceso a Praza da Capela, serían as parcelas de Angelito e de Antonio Bermudez, que foron valoradas polos técnicos competentes.

Despois da compra, hai un proxecto de obra redactado por dona Ana García Mayo por un importe de 48.277,38 o custo total do investimento sería 113.254,33 euros.

Finalizada a exposición o Alcalde concédelle a palabra a dona Florinda, que propón que este punto tamén quede sobre a mesa, por entender que no informe presentado hai para comprar dúas parcelas, sen embargo aparecen 4 referencias catastrais, polo que entendemos que no fondo do Campo da Feira hai máis propietarios, e habería que estudialo mellor, para que non chegue o momento de facer a obra e a mesma teña que paralizarse.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Alcalde contesta que non se vai realizar ningunha actuación nas outras e que tamén houbo contactos cos outros propietarios, pero un deles non quere vender e a outra é propiedade de 4, pero estas non impiden o acceso a Praza da Capela.

Dona Florinda reitera a súa proposta de deixalo encima da mesa e sinala que non entra a debate sobre este tema en tanto non coñeza a opinión dos outros grupos políticos.

Dona Patricia sinala que o seu grupo esta de acordo coa proposta, pero que queren saber que pasa 104,741,95 euros que quedan na partida, hai algún proxecto.

O Alcalde concédelle a palabra a concelleira de facenda para que o explique, toma a palabra dona Susana que sinala que había 215.649,98 de remanente de tesourería por segundo ano consecutivo e desa cantidade a día de hoxe quedan 84.850,28 porque o resto incorporouse as obras que xa viñan do ano 2021 e que tiñan financiación afectada.

Dona Patricia reitera que o importe total dos créditos iniciais reservados para esta actuación é de 104.850,28 máis o remanente da uns créditos finais de 217.996,28, dona Susana sinala que o remanente do ano pasado utilízase para esta actuación 84.850,28, dona Patricia insiste en que esa non é a pregunta, o que pregunta é que se a obra e mais a compra son 113.254,33 e temos de créditos finais 217.996,28, os 104.000 euros que hai a maiores a que se destinan?.

Dona Susana di que había 20.000 para adquisición de terreos, engádense 44.976,95 o que da un total de 64.976,95 que é o importe total das parcelas, e sinala que isto foi explicado na Comisión Informativa pola Interventora, despois en outros investimentos había 113.000 pero isto é o grupo total, non so a actuación de aí, senón que hai moitas máis actuacións. Dona Patricia lle di que iso é o que pregunta cales son esas outras actuacións. Dona Susana di que iso non é un tema a tratar aquí, que moitas son actuacións que xa veñen do ano pasado e que se quere sabelas pode acercarse polo Concello e se lle explican, pero que non teñen que ver con esta actuación.

Concédeselle a palabra ao señor Mouriño, que expón que coincidindo coa señora Duarte o punto debe quedar encima da mesa, pois se está falando con dous propietarios, pero sabemos que hai outros terreos aí e se debe insistir en intentar comprar eses outros terreos, antes de meternos en outros posibles problemas, pois aínda que no catastro non aparezan outras propiedades a el lle consta que as hai, como son os herdeiros de Barbeito e que van a paralizar a obra cando se inicie, se non se fala con eles.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Non habendo máis debate procédese a votar que o punto quede sobre a mesa co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 4

- 0 PSdeG-PSOE
- 3 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 8

- 3 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Non hai maioría para que o asunto quede sobre a mesa, polo que procédese a votación da proposta de Alcaldía co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 8

- 3 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 1

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 3

0 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O señor Mouriño deixa constancia na abstención que advirten da necesidade de falar cos propietarios de todas as parcelas.

2.4.- Aprobación inicial da modificación de crédito 14/2022, transferencia de crédito 5/2022 entre partidas de distinto grupo de función

No expediente consta a seguinte proposta de Alcaldía ao Pleno do Concello.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: *Modificación de crédito 14/2022, Transferencia de crédito 5/2022 entre partidas de distinto grupo de función*

EXPEDIENTE: 2022/T002/000014



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Visto que a data actual existe un problema acudíante debido ao alza de costes de produción que xa se desencadeara polo efecto das excepcionais circunstancias sociais e económicas que se produciron coa pandemia desencadeada polo virus SARS-CoV-2, repercutindo dunha maneira directa na execución de determinados contratos de obras do sector público, fundamentalmente durante o ano 2021 e que se veu agravado no ano 2022 polo conflito bélico en Ucraína que provocou o cese da actividade de importantes produtores de materiais de construción. Así, como consecuencia do aumento dos prezos da enerxía, fundamentalmente gas e electricidade, os materiais cerámicos comezaron a ascender dende finais do verán de 2021, aumentando así o custo final do produto acabado polo menos nun 30%. Así mesmo, o vidro está a sufrir un proceso de ascenso acelerado do último trimestre de 2021 e ao longo do ano 2022, que rolda o 27%.

Toda esta situación está a ter unha notable incidencia na execución dun número importante de contratos públicos, con moitas dificultades para completar a súa execución posto que as empresas adjudicatarias están a sufrir un forte cambio na economía destes contratos, que vai máis aló dos límites do principio de risco e azar que ten que soportar o contratista ningún contrato público e que, no momento da licitación, fosen imposibles de prever, debido a que non puido aventurar ese incremento extraordinario de determinados custos.

Dada a limitación da revisión de prezos legalmente prevista na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, para cumprir á situación excepcional creada polo aumento do prezo das materias primas, foi publicouse o Real decreto lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e o funcionamento da cadea loxística, e que traspón a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se establecen normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e á Directiva 96/71/CE Directiva 2014/67/UE para o desprazamento de condutores no sector do transporte por estrada, e medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras. Este regulamento prevé unha serie de medidas urxentes, carácter excepcional que superen os mecanismos de revisión de prezos previstos na de contratos do sector público, pola que se faculta a revisión excepcional dos prezos dos contratos de obras do sector público estatal, aplicable naqueles supostos nos que non se proceda de conformidade coa lexislación vixente, ben por non ter pactado no contrato, ben por non ter transcorrido prazo mínimo establecido legalmente ou non ter executado a parte da obra necesarios para a aplicación da revisión. Á súa vez, estas medidas de revisión de prezos foron significativamente ampliadas polo Disposición derradeira trixésimo sétima do Real decreto lei 6/2022, do 29



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

de marzo, polo que Adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de Resposta a consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína

Visto que a obra “Mellora da eficiencia enerxética do Polideportivo do C.E.I.P Vicente Otero Valcárcel. Carral (A Coruña, Galicia) [Subvención IDAE, expediente FEDER-EELL-2020-003814-proxectos singulares de EELL que favorezan o paso a una economía baixa en carbono. Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020]” que estaba sendo executada pola empresa OCISAT SL (adjudicataria do contrato por decreto de Alcaldía 377/2021, de 15 de setembro) non se rematou no prazo legal e non se atenderon aos requirimentos á empresa, producíndose a resolución do contrato por decreto nº 196/2022 de 23 de maio de 2022, facéndose necesario volver a licitar a contratación, o que suporá un incremento de custes de 32.995,98 €.

Visto que o Concello de Carral está a verse afectado de maneira recorrente a esta situación tanto na contratación de novas obras como na execución de obras xa contratadas e, tendo en conta, que atopándonos cun orzamento prorrogado de 2021, existen partidas orzamentarias que non se van a executar en 2022, e sendo necesario adiantarse a estas situacións de solicitude de actualización dos prezos de obras en execución e de obras licitadas que resultan desertas, co correspondente incremento de valoración, faise necesario facer a modificación orzamentaria que se propón.

Visto o informe asinado pola Interventora do Concello dona Noemí González Mato en data 14 de xullo de 2022.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, e concretamente as disposicións contidas nos artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO** para a súa aprobación polo Pleno do Concello:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 14/2022 coa modalidade de transferencia de créditos entre partidas de distinto grupo de función, como segue a continuación:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ALTAS

APLICACIÓNS	DENOMINACIÓN	IMPORTE	OBSERVACIÓNS
1532.61900	Outr. Invest. de reposición de infraestruct.	30.000,00 €	Part. Insuficiente
342.63200	Edifícios e outras construción	40.000,00 €	Part. Insuficiente

BAIXAS

APLICACIÓNS	DENOMINACIÓN	IMPORTE	OBSERVACIÓNS
231.48002	Emerxencia Social	30.000,00 €	Part. Minorable
241.47900	Outras subvencións a empresas privadas	40.000,00 €	Part. Minorable

Segundo.- Expor este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente, en Carral, na data que figura ao marxe, pola Alcaldesa en funcións, dona Susana Guimarey García.”

O Alcalde explica que como explicou a Interventora na comisión informativa e sempre segundo a súas recomendacións e directrices, as partidas que se propoñen minorar é a de emerxencia social, que había 50.000 euros e pasaría a haber 20.000, e a partida de “Outras subvencións a empresas privadas” que quedaría reducida na súa totalidade.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A redución en emerxencia social está claro que non soa moi ben, pero hai que deixarse de populismo pois os datos son os que nos avalan, no ano 2019 había consignado 10.000 euros dos que se gastaron 5.438, no ano 2020 había 51.000 euros dos que se gastaron 7.000, no ano 2021 había 50.000 dos que se gastaron 9.000 e no ano 2022 hai 50.000 dos que se gastaron ata agora 3.000, eu sería o primeiro en darlle para emerxencia a todo o mundo, pero as emerxencias sociais precisan duns informes. E en canto a partida de outras subvencións a empresas privadas é a aportación propia do PEL reactiva.

Estes importes son para algo que eu tamén chamaría unha emerxencia social, isto é para a reparación do pavillón do colexio dos rapaces, a empresa OCISAT desapareceu, temos un modificado da reforma interior e despois temos que volver a contratar a parte de fora.

O Alcalde lle da a palabra a dona Florinda que pide que se repitan as cantidades que se gastaron nos anos 2019, 2020 e 2021. O Alcalde repite ditas cantidades.

Dona Florinda propón que o punto quede encima da mesa, aínda que despois en rogos e preguntas tratara o tema, e sen entrar a debate sinala que non considera correcto cambiar partida de emerxencia social e menos nos tempos nos que estamos, menos cun orzamento prorrogado e menos a infraestruturas porque haberá outras necesidades en servizos sociais, mais tendo en conta que acaban de aprobar destinar o remanente a obras.

O Alcalde concédelle a palabra a dona Patricia, que expón que o seu grupo recoñece que hai unha emerxencia social no pavillón do colexio, e tiñamos 104.741,95 euros do punto anterior para obras, polo que non ven necesario sacalo de emerxencia social, porque pode non haber emerxencia social que cumpra os requisitos, pero pode destinarse a aumentar o banco de libros de texto, hai outras partidas de tipo social que se poden aplicar aí e non entende como un goberno municipal é capaz de dicir que lle sobran cartos de emerxencia social. O ano pasado se gastaron 9.651 euros en emerxencia social e o informe de Caritas di que destinou 9.100 euros, o mesmo que o Concello, unha entidade que é unha ONG que traballa con 4 voluntarios e non ten unha estrutura municipal, e entendemos que as ONG están para completar o traballo do Concello, non para substituílo Sabemos que hai emerxencia social en Carral, aínda que non sexa nos termos que entende a interventora, pero pódense buscar fórmulas para que a axuda chegue as familias que a necesitan. Polo que aprobaran o cambio, pero de outra maneira.

O Alcalde contesta que eles valoran moito o traballo de Caritas, pero que un informe de Caritas non é un informe dun Concello.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Concédeselle a palabra ao señor Mouriño, que propón que o punto quede encima da mesa e coincidindo co que din a señora Fidalgo e a señora Duarte, que digan que non hai problemas en servizos sociais no Concello de Carral para eses 50.000 euros, el cree que o Alcalde non sabe moi ben do que está falando, que non poña en dúbida o traballo dunha ONG como Caritas e que habendo 50.000 euros para emerxencia non pode destinarse a cemento.

O Alcalde dálle a palabra ao concelleiro de servizos sociais para que explique como está a situación, o señor Bello expón que triplicáronse as partidas que eles tiñan para o SAF, sobra partida para o SAF e se lle presta a todos os que as técnicas do departamento informan. E gustaríalle recordar que o señor Mouriño dixo en varias ocasións que a partida de 50.000 euros para emerxencia social era excesiva, e así mesmo, o grupo socialista cando se debateron os orzamentos, cando Alternativa dos Veciños trouxo a proposta de 51.000 euros para emerxencia social a eles lles pareceu unha barbaridade, e tenlle que dar a razón aos dous, porque no seu momento se considerou esa cantidade ante unha situación nova como era o COVID. E por aclarar pregunta se a única pega que lle poñen a proposta é que non chegarían os 20.000 euros en emerxencia para chegar a final de ano.

Don Patricia contesta que esa non é a razón, evidentemente investiuse menos do que estaba no orzamento, e pregunta se o banco de libros do concello dispón de todos os libros que utilizan os nenos no cole para facer os exercicios, que van cambiar este ano, e sinala que tamén pode destinarse para ampliar o bono da Xunta para material escolar. O que din é que si esa partida hai que cambiala de sitio por estar sobrevalorada, haberá que cambiala para outra partida de asuntos sociais, non para ladrillo.

Don Francisco contesta que hai varias facturas de gastos de material escolar, cando o solicitan, non hai problema porque a partida está, e el confía tanto en que vai chegar a cantidade que se aceptan a proposta e non chega a final de ano, do seu bolsillo pon o que falta.

A señora Fidalgo responde que si o Concello ten que ir sobrado de cara a Caritas, por suposto que ten que ir sobrado de cara a un concelleiro, e di que a partida fai falta para asuntos sociais e non para ladrillo.

O señor Bello contesta que non é ladrillo, é un pavillón que está igual que hai 25 anos.

Dona Patricia di que hai que facer a obra, pero que hai 104.000 euros para iso, e que ela preguntou para que estaba destinado e lle dixeran que para outras cousas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Don Francisco lles di que esas preguntas hai que facelas na Comisión e o señor Cetina intervén para dicir que na comisión fíxose a pregunta e a resposta foi a mesma, que para outras obras.

Dona Susana contesta que para outras obras afectadas por financiación que veñen doutros anos e o señor Couto as coñece perfectamente.

O señor Bello quere facer un último apunto e di que si chegamos a final de ano e eses cartos quedan aí, para o remanente e non se fixo a obra para os rapaces, terán que dar as explicacións oportunas aos veciños.

A señora Duarte pide a palabra, que lle é concedida, e expón que ela propuxo deixar o asunto sobre a mesa, pero como hai debate quere intervir, despois de escoitar ao concelleiro de servizos sociais, que descoñece cantas persoas son as que dependen de emerxencia social a día de hoxe, no día en que eu levaba servizos sociais había 106 persoas, destináronse no último ano que eu estiven 10.000 euros e esgotaba a partida, creouse un banco de alimentos, durante anos estivemos con partidas de 5.000 que despois ampliamos a 10.000, tiñamos axuda da Caixa, e o Partido Socialista recriminaba que o Concello tiña que facerse cargo sen estar pendente doutras Administracións. Quedo asombrada de que no ano COVID só gastásense 9600 euros, é dicir, que no 2021 vostedes tiñan 50.000 euros para emerxencia social e gastáron 9.000 e non lles importou o remanente que quedou nesa partida e agora o señor concelleiro de servizos sociais bótanos en cara, que se queda o remanente como llo explicamos aos veciños. Eu quero preguntarlle ao concelleiro como lle explica aos veciños que o ano pasado habendo unha partida de 50.000 euros gastou o mesmo que fai 4 ou 5 anos. Vostedes non seguen comprando nos supermercados de Carral e aumentando o banco de alimentos, porque senón é imposible que a día de hoxe teñan só 3.000 euros gastados. Pregunta se no que vai de ano as familias de Carral tiveron vales de alimentos para comprar produtos perecedoiros, porque mentres esta persoa estivo de concelleira, tiveron vales de alimentos para ir comprar a carne, os produtos lácteos e tiñamos unha partida de só 10.000 euros, se eu estivese a gobernar, as familias de Carral terían hoxe en día iogures, verduras, froitas, carne e peixe todos os meses, non só garavanzos, aceite, macarróns e todo o que vén da Cruz Vermella. E vostede pode dicir o que queira, pero vostedes non traballaron neste tema porque vostedes publican todo e se fixesen algo o publicarían, ata retiraron unhas caixas que había nos supermercados para recoller alimentos, só fai falta ir e ver que nos supermercados só recóllense alimentos para Caritas. E conclúe dicindo que o seu voto vai ser deixalo encima da mesa para estudo e repartir este diñeiro que lles sobran e se van votar cambialo para obras e servizos, eu creo que vostedes non teñen vergoña e voto en contra totalmente.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Bello, por alusións di que se publican as doazóns privadas, o que compra el e o compañeiro de protección civil, que son os que van, non o publica e que desde case dous anos teñen a tarxeta moedeiro. Está vostede alardeando de que gastaba o que tiña, pero a diferenza é que nós aínda co cambio que propoñemos, quedamos co dobre da partida que vostede tiña e despois, que non compramos, temos propostas de gasto feitas para cando é necesario, e compramos a todos os establecementos de Carral.

Dona Florinda reitera o xa exposto na súa intervención anterior e engade que ela ten queixas das familias de emerxencia social, pois esas familias comen carne todo ano, non só polo Nadal e teñen as familias sen atender. Os produtos perecedoiros que cada familia ten que ter na súa casa debe ser o primeiro ao que se destine a partida, e despois o que dixo a concelleira do grupo socialista, as necesidades educativas que son importantes, pero alimentación é a número uno.

Don Francisco lle pregunta se sabe ela máis que as técnicas do departamento de servicios sociais, que son as que fan os informes e ven a documentación. Vostede gastaba moito, pero cando entramos nós os alimentos levaban meses caducados.

Dona Florinda pide a palabra por alusións, e o Alcalde non lla dá, sendo o turno de dona Patricia.

Dona Patricia comeza dicindo que ela cre que a tarxeta moedeiro da Xunta de Galicia non foi renovada. O señor Bello di que non, pero ata agora houbo. A señora Fidalgo continúa que entón ata que sexa renovada non hai vale para alimentos frescos. En segundo lugar, a partida para “*Outras subvencións a empresas privadas*” que hai 40.000 euros, e correspóndese ca “*partida edificios e outras construcións*” e a partida de emerxencia social coa partida “*Outros investimentos de reposición e infraestrutura*” quero pensar que vai mellorar o acceso ao pavillón, pois o acceso ao colexio xa estaba presupostado no punto anterior, entón, cal é o importe do que hai que facer no pavillón? Supoñendo que nos falten 30.000 euros, nos puntos anteriores hai para facelos.

Don Mouriño pide a palabra, que lle é concedida, e pide un pouco de seriedade ao señor Alcalde e que modere o debate con seriedade porque non pode dicir que sobra diñeiro en asuntos sociais, non podemos dicir a 6000 e pico persoas que viven en Carral que non sabe que necesitan máis horas de axuda a domicilio, e pode que os técnicos de servicios sociais fagan moi ben as cousas, pero pode que sexan lentos de máis, incluso se me di que con eses 40.000 euros imos contratar técnicos para axilizar a tramitación, pero fai un pouco deixamos sobre a mesa 118.000 que vostedes ían investir para gasto corrente e no segundo punto votaron a favor para comprar unhas fincas que lles estou advertindo que a obra vai traer complicacións, e



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

estamos agora falando que lle dicimos aos nenos se non arreglamos por trinta e pico mil euros o pavillón, pois el explícalle aos nenos, é mellor que este coidado teu avó ou que o teu papá non este tan preocupado para comprarte o que necesitas. El propón que quede encima da mesa, e que o pense, e que conte cos demais concelleiros, porque o equipo de goberno conta só con 5 concelleiros.

Non habendo máis debate procédese a votar se a proposta queda sobre a mesa co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 7

- 3 PSdeG-PSOE
- 3 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 5

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

RESULTADO: A proposta queda sobre a mesa.

2.5.- Aprobación definitiva da desafectación transitoria e cesión gratuíta ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) do Centro de Saúde de titularidade municipal do Concello de Carral



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de cesión gratuíta definitiva ao Servizo Galego de Saúde do Centro de Saúde de titularidade municipal do Concello de Carral (A Coruña).

Logo de ver o escrito da Dirección Xeral de Patrimonio do Servizo Galego de Saúde, que se fixo chegar ao Concello de Carral o 20 de xaneiro de 2021 e de cuxo tenor literal resulta:

“Ref: Patrimonio

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLOS CONCELLOS PARA PODER FACER EFECTIVA A CESIÓN AO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DOS CENTROS DE SAÚDE DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

- Certificado do Acordo do Pleno da corporación municipal cedendo ao Servizo Galego de Saúde a propiedade do centro de saúde (non á Consellería de Sanidade) por canto que estamos ante un organismo autónomo con personalidade e patrimonio de seu.
- Esta cesión debe abarcar tanto o edificio como a parcela na que se sitúa, e indicar o número catastral, metros cadrados e demais información relevante.
- Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Regulamento de bens das entidades locais.
- Certificación do Rexistro da Propiedade de titularidade de inscrición dos bens a ceder (centro de saúde e parcela), que deberá indicar estar libre de cargas e gravames.
- Certificación catastral.
- Certificado de seguridade e solidez estrutural emitido polo técnico correspondente do concello, no que se especifique que non se observa deficiencia algunha, e sendo idóneas as súas instalacións para o uso actual con condicións de accesibilidade e seguridade propios dun centro de saúde.

Compromisos do concello:

- Concello comprométese a asumir os custes de elevación en escritura pública da cesión gratuíta do centro de saúde así como da súa inscrición no rexistro da propiedade.
- O Concello comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmoables, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

- O Concello comprométese a aprobar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, para recoller unha bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, reguladora das facendas locais, concretamente apartado 2.a) cando re-colle a posibilidade de establecer bonificacións de ata o 95% “a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros.

Estes compromisos serán asumidos no convenio de colaboración que se asinará entre o concello e o Servizo Galego de Saúde para a cesión.

Con posterioridade a entrega desta documentación por parte do concello, será solicitada a entrega de copias das facturas do último ano en relación aos gastos de mantemento do centro de saúde, luz, auga, gasoil, limpeza, etc.

Servizo de Patrimonio”.

Logo de ver que o Concello formalizou a segregación do ben que se pretende ceder, mediante escritura de segregación e manifestación de edificacións outorgada perante o Notario da Coruña D. Enrique Santiago Rajoy Feijóo, o 26 de maio de 2020 (nº de protocolo 775), emendada mediante escritura do mesmo fedatario outorgada o 27 de outubro de 2020 (nº de protocolo 1893).

Logo de ver a certificación emitida o sete de decembro de dous mil vinte pola Rexistradora do Rexistro da propiedade número 5 da Coruña, que se achega ao expediente, describe a finca como segue:

14.296 de Carral, que é a segregada da finca 12.234 que se pretende ceder ao SERGAS (“(…) CENTRO MÉDICO DE CARRAL, sito en la parroquia de san Esteban de Paleo, ayuntamiento de Carral, compuesto de planta baja de la superficie construida de quinientos sesenta metros cuadrados, tiene una zona cubierta que sirve de acceso en su fachada sur de la superficie cubierta de sesenta y seis metros cuadrados. La



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

rodea por sus vientos Sur, Este y Oeste, terreno destinado a viales de acceso y zonas ajardinadas. Forma todo el conjunto una sola finca de la superficie de mil seiscientos veintiséis metros cuadrados. Linda: Norte y Oeste, resto de finca matriz que se describe a continuación; Sur, rúa Belvís de Paleo; y Este, camino público asfaltado. Referencia catastral número: 1966602NH5816N0001JF (...) SEGUNDO.-Que los asientos relacionados en los párrafos anteriores, se hallan vigentes en la actualidad, y, por tanto, inscritas dichas fincas, a nombre del AYUNTAMIENTO DE CARRAL.- TERCERO.- Que dichas fincas se hallan afectas a los siguientes gravámenes: (...) FINCA 14296 DE CARRAL 1) AFECTA a posibles pagos del Impuesto. CUARTO.- Que las citadas fincas, tal y como se describen, no están afectas a más cargas o gravámenes inscritos que los expresados en el párrafo tercero anterior; y por lo que hace a las mismas fincas, no hay presentado en el Diario documento alguno pendiente de despacho. Y conforme a lo solicitado, firmo la presente, a continuación de dicha Instancia, a los efectos oportunos, en A Coruña, a siete de Diciembre del año dos mil veinte.-(...)

Logo de ver, por outra banda, a certificación catastral descriptiva e gráfica emitida o 09 de febreiro de 2021, relativa ao ben que se pretende ceder, inmovible con referencia catastral 1966602NH5816N0001JF, que figura de titularidade do Concello de Carral ao 100,00% de propiedade, e con destino “SANIDAD”.

Logo de ver, asemade o “certificado de seguridade e solidez estrutural” emitido o 09 de febreiro de 2021 polo arquitecto Félix Quijano Yáñez do que resulta que “(...) tanto o local como as instalacións teñen seguridade para dedicalas ao uso actual ao que se destina, coas condicións de accesibilidade e seguridade propias de un centro de saúde.”

Tendo en conta o informe asinado por don Félix Quijano Yáñez en data 26 de febreiro de 2021 do que resulta o seguinte “(...)A parcela, xunto co edificio que está no seu interior, se describe seguindo o sinalado no artigo 20 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

α. Nome da finca: finca denominada “Centro Medico de Carral”,

α. Natureza do inmovible: Urbana, clasificado polas Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento do Concello de Carral, como solo urbano, e cualificado como Equipamento Sanitario.

β. Situación: rúa Paleo, nº 22, Santo Estevo de Paleo, núcleo urbano de Carral.

χ. Lindeiros: Norte e Oeste: resto da finca matriz da segregación realizada, do Concello de Carral; Sur: rúa Paleo; Este: camiño público asfaltado.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

δ. Superficie: 1626 m².

ε. Edifícios, características, noticia sobre a súa construción e estado de conservación: Ten construído no interior da parcela, o edificio do Centro de Saúde de Carral, da superficie construída en planta baixa de 560 m² e unha zona cuberta de 66 m² de superficie. Ano de Construción 1989. O estado de conservación é normal.

φ. Tratándose de vías públicas, datos para a súa individualización: non procede.

γ. Clase de aproveitamento nas fincas rústicas: non procede.

η. Natureza de dominio público ou patrimonial: ben de dominio público de servizo público.

ι. Título polo que se atribúe á entidade: Escritura de segregación ante o notario Enrique Santiago Rajoy Feijóo o 26 maio de 2020.

ρ. Sinatura de inscrición no Rexistro da Propiedade: Finca de Carral nº 14296 Código rexistral único 15025000546046

κ. Destino e acordo que o dispuxo: centro de saúde, pola cualificación do planeamento NSMP do Concello de Carral.

λ. Dereitos reais constitutivos ó seu favor: inscrita no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Carral.

μ. Dereitos reais que graven a finca: non constan.

ν. Dereitos persoais constituídos en relación coa mesma: non constan.

ο. Data de adquisición: 26/05/2020

π. Costo de adquisición, se foi a título oneroso, e das inversións feitas e melloras: non procede.

θ. Valor que lle correspondería en venda ó inmovible: 184.712,38 €€

ρ. Froitos e rendas que produza: non produce.

O ben descrito está cualificado polas NSMP do Concello de Carral como Equipamento Sanitario, e aloxa ao edificio do Centro de Saúde de Carral, polo que se deduce que a parcela non é necesaria para o uso do Concello, nin é previsible que o sexa nos dez anos inmediatos, xa que no PXOM de Carral aprobado inicialmente no ano 2016, a parcela figura incluído dentro do solo urbano de Carral, está clasificada como



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

solo urbano consolidado, e cualificada como equipamento sanitario (SAX-02), polo que non se prevé que cambie o uso da parcela.

Vistos os informes asinados pola Interventora Municipal en data 10 de marzo de 2021 dos que resulta que a “(...) a contía actual do 25% dos recursos ordinarios do Orzamento do Concello de Carral para 2021, que é o prorrogado do 2020, ascende a 1.208.527,27 € (...)” e que “(...) conforme aos datos obrantes na contabilidade municipal do Concello de Carral, non constan débedas pendentes de liquidación con cargo ao presuposto municipal en relación ao Centro de Saúde de titularidade municipal do Concello de Carral, que se pretende ceder (...)”.

Tendo en conta o informe asinado polo Secretario do Concello, don Diego García Doval en data 16 de Marzo de 2021, así como o informe asinado pola Interventora do Concello, dona Noemí González Mato, en data 17 de Marzo de 2021.

Tendo en conta que o Pleno do Concello de Carral, en sesión ordinaria celebrada en data 25 de Marzo de 2021 acordou entre outros extremos “1).- Iniciar expediente de desafectación transitoria do edificio destinado a Centro de Saúde de Carral e do terreo no que se atopa (descritos nas certificacións do Rexistro e catastral indicadas na parte expositiva deste acordo e que se achegan coma anexo a esta proposta) aos exclusivos efectos de posibilitar a súa transmisión ao Servizo Galego de Saúde (Xunta de Galicia) e coa condición de que, se tal Administración acepta a cesión que se pretende, afecte inmediatamente, sen solución de continuidade, o terreo ao seu dominio público (servizo público-centro de saúde), permanecendo en caso contrario o devandito edificio e terreo coa calificación xurídica de dominio público municipal (cualificado polas NSMP do Concello de Carral como Equipamento Sanitario”

2).- Someter tal expediente de alteración transitoria de calificación xurídica (desafectación) dos bens indicados a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

3).- Iniciar simultaneamente expediente de cesión gratuita ao Servizo Galego de Saúde do edificio destinado a Centro de Saúde de Carral e do terreo no que se atopa (descritos nas certificacións do Rexistro e catastral indicadas na parte expositiva deste acordo e que se achegan coma anexo a esta proposta) e someter este acordo a información pública, mediante os mesmos anuncios e polo prazo indicados no punto terceiro anterior.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

4).- Logo de estudar as alegacións que eventualmente se presenten, o Pleno adoptará os acordos definitivos correspondentes de cesión gratuíta dos ben sao Servizo Galego de Saúde, previa desafectación transitoria descrita.

5).- Comprometer ao Concello de Carral, segundo o requirido polo Servizo Galego de Saúde, a:

a).-O Concello comprométese a asumir os custes de elevación en escritura pública da cesión gratuíta do centro de saúde así como da súa inscrición no rexistro da propiedade.

b).-O Concello comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmobles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

c).-O Concello comprométese a aprobar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, para recoller unha bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, reguladora das facendas locais, concretamente apartado 2.a) cando re-colle a posibilidade de establecer bonificacións de ata o 95% “ a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros”.

Estes compromisos serán asumidos no convenio de colaboración que se asinará entre o concello e o Servizo Galego de Saúde para a cesión.

Tendo en conta que o sinalado acordo foi obxecto de información pública polo prazo dun mes a contar dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, que tivo lugar en data 7 de xuño de 2021.

Visto o informe asinado pola responsable do Rexistro dona María del Carmen Rodríguez Rodríguez, en data 29 de xuño de 2021 do que resulta que “(...) Que sometido a información pública no taboleiro de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

anuncio do Concello de Carral o anuncio a que fai referencia o Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 105, de data 07 de xuño de 2021, en relación coa “Desafectación transitoria do terreo destinado a “Equipamento a Centro de Saúde” e cesión gratuíta do devandito ben ao Servizo Galego de Saúde (Xunta de Galicia)” dende o 7 de xuño de 2021 ata o 7 de xullo de 2021 e examinado o rexistro xeral do Concello de Carral ao meu cargo no período comprendido dende o 7 de xuño de 2021 ata o 7 de xullo de 2021, ámbolos dous incluídos, resulta que **NON FORON PRESENTADAS ALEGACIÓNS**.

En vista de todo o anterior e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a), b) e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL en adiante), previos o ditame da Comisión Informativa correspondente, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, en uso da atribución propia atribuída polo artigo 22.2 l) p) e q) LRBRL, e segundo o establecido nos artigos 21.1.j) LRBRL e 114 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a desafectación transitoria do edificio destinado a Centro de Saúde de Carral e do terreo no que se atopa, descritos nas certificacións do Rexistro e catastral indicadas na parte expositiva deste acordo, aos exclusivos efectos de posibilitar a súa transmisión ao Servizo Galego de Saúde (Xunta de Galicia) e coa condición de que, se tal Administración acepta a cesión que se pretende, afecte inmediatamente, sen solución de continuidade, o terreo ao seu dominio público (servizo público-centro de saúde), permanecendo en caso contrario o devandito edificio e terreo coa calificación xurídica de dominio público municipal (cualificado polas NSMP do Concello de Carral como Equipamento Sanitario”.

Segundo.- Aprobar definitivamente a cesión gratuíta ao Servizo Galego de Saúde do edificio destinado a Centro de Saúde de Carral e do terreo no que se atopa (descritos nas certificacións do Rexistro e catastral indicadas na parte expositiva deste acordo.

Terceiro.- Comprometer ao Concello de Carral, segundo o requirido polo Servizo Galego de Saúde, a:

a).-O Concello comprométese a asumir os custes de elevación en escritura pública da cesión gratuíta do centro de saúde así como da súa inscrición no rexistro da propiedade.

b).-O Concello comprométese a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmobles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

c).-O Concello comprométese a aprobar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, para recoller unha bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, reguladora das facendas locais, concretamente apartado 2.a) cando re-colle a posibilidade de establecer bonificacións de ata o 95% “ a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros”.

Estes compromisos serán asumidos no convenio de colaboración que se asinará entre o concello e o Servizo Galego de Saúde para a cesión.

Cuarto.- *Notificar o presente acordo ao Servizo Galego de Saúde para que proceda á aceptación da cesión gratuita do ben Centro de Saúde de Carral e do terreo no que se atopa e a formalización da mesma en escritura pública.*

Asinado electronicamente na data que figura ao marxe, pola Alcaldesa en funcións, dona Susana Guimarey García.”

O Alcalde concédelle a palabra á señora Florinda, que di que lle alegra que por fin remate este tema e terminen os gastos cos que está correndo o Concello, unha vez que estea todo cedido.

O Alcalde anticipalles aos concelleiros que se falou co señor Luis Verdes e a Xunta non está aceptando ningún centro e no que vai de ano non se colleu ningún centro, aínda que se vai tramitar igual.

O Alcalde dálle a palabra a dona Patricia, que di que o seu grupo non ten nada que dicir sobre este tema.

É o turno do señor Mouriño, que di que o que acaba de dicir o Alcalde vai fora de camiño de todo, Luis Verdes é o xerente do SERGAS e non ten nada que ver coa toma de decisións, isto vai dirixido ao Concelleiro correspondente, e hai que exixirilles que o acepten.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O Alcalde lle contesta que el unicamente adiantaba unha información.

Non habendo máis debate procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 12

3 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

3.- Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

3.1. Dación de conta de decretos da Alcaldía dende o número 189/2022 ata o 279/2022 e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

4.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

Non se presentan mocións por ningún dos grupos políticos.

5.- Rogos e preguntas.

Dona Florinda formula as seguintes:

- Pregunta ao concelleiro de obras e servizos como como facemos cos niños de velutinas?
- Pregunta se lle pode facer unha pregunta á Secretaria. O Alcalde contesta que si, se a secretaria quere contestar. Dona Florinda expón que nos tres anos que o Alcalde leva de Alcalde formulou preguntas en cada Pleno e pregunta se o Alcalde ten obrigación de contestalas, porque non lle contestou ningunha. A Secretaria contesta que o Alcalde debe contestar no seguinte pleno ou no mesmo pleno. Dona Florinda responde que escoitando á Secretaria o Alcalde lle ten que contestar no seguinte pleno as preguntas que ela formulou nestes dous anos e medio.

En relación coa primeira pregunta o señor Rubén contesta que para os niños de velutinas estamos adheridos ao FEGAMP e pasan eles a retiralos, hai que dar aviso no Concello e nada máis.

Dona Patricia formula as seguintes:

- O día 2 de agosto remata o prazo para presentar os proxectos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e a nosa pregunta é, que proxectos se van levar?.
- En relación ao Pazo das Cadeas, nos chegou a través dun veciño, que hai ruídos, que el pensa que non ten licenza e preguntamos que actuacións fixo o Concello, se é que recibiu unha denuncia dun veciño o 30 de xuño e aínda non se contestou. O Alcalde pregunta que número de rexistro é, e a señora Fidalgo contesta que o 1328. Dona Patricia compañia a pregunta do rogo de que se lle conteste a este veciño e que se lles dea traslado.

O Alcalde contesta que se lle dará resposta e traslado ás dúas preguntas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Don Jesús Javier formula a seguinte pregunta á Secretaria

- Se as comisións se poden gravar, se son públicas ou non, se se publican as actas?

A Secretaria contesta que as comisións non son públicas. E o señor Cetina di que entón foron gravadas, e a Secretaria contesta que son gravadas para facer as actas. O señor Cetina sinala que foron gravadas pola tenente de Alcalde, que sinalou o móbil e tamén expón que despois dunha das comisións a unha asociación chegoulle información de certa actuación da que o PSOE estaba en contra e chegou información de palabra. Dona Susana por alusións contesta que ela non gravou, que non forma parte das comisións.

Don Jose Luis formula as seguintes:

- Por qué segue o Plan Xeral paralizado?
- Vostede falou co Alcalde de Cambre, que estaban avanzados proxectos, para facer o saneamento que ía ser conxunto, e desde aquí mandouse a documentación, por que ían redactar eles o proxecto? Estou a falarlle do ano 2018, 2019, vostede seguiu de Alcalde e eu non, pero estaba o tema avanzado para sanear tanto Andeiro, que teñen necesidade eles, como Bosende de Carral e Bosende de Cambre.
- Xa levamos dous plenos pedíndolle que convoque unha reunión cos portavoces dos distintos grupos co director xeral de EMALCSA, por qué vostede ten medo de que vaíamos preguntarlle cal é o convenio que temos, cando caduca, cales son as responsabilidades deles? Ou vostede pensa que con dicir que lle pedimos á Deputación cento e pico mil euros para facer un proxecto, para facer unha nova estación depuradora xa está salvado de toda responsabilidade?
- E fai unha advertencia, fai un momento votamos que queda encima da mesa o tema da pasarela para comunicar Víctor Velasco coa Praza dá Capela, porque hai máis terreos dos que están comprando, que son propiedade doutras persoas, e iso pode ocasionar a paralización das obras e incluso por meterse nun terreo privado a facer obra civil pode levar a prevaricación. Cando vostedes entraron apuráronse moito a denunciarme en fiscalía porque querían que eu tivera algunha responsabilidade na obra das aceiras do instituto, sobreseuse todo. Agora advírtole, de que está facendo obra civil nos terreos que están nesa explanada, e non se pode facer obra civil sen convenio, non teñen nada por escrito e vai investir diñeiro



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

público nese descampado, aínda está a tempo de firmar o convenio, porque se houbera convenio tería que estar a disposición da Corporación.

O Alcalde da as gracias polas advertencias.

Dona Margarita formula a seguinte:

- Qué concepto ten de emerxencia social?

O Alcalde contesta que emerxencia social son necesidades que teñen que valorar os técnicos de emerxencias sociais, cousas urxentes, non é a atención dese veciño.

Dona Margarita pregunta se para o Alcalde non é emerxencia social que eu agora caia pola escaleira, rompa unha perna, vivo soa e non teño quen me bote unha man e necesito que alguén me vinga a axudar a levantarme ou a asearme. Ou Alcalde di que podería ser emerxencia, pero dálle a palabra a don Francisco, e dona Margarita di que ela quere saber o que opina o Alcalde e leste contéstalle que llo dirá no próximo pleno.

Parece ser en axuda a domicilio faltan auxiliares, que están de baixa, que non se están cubrindo ben os servizos, pero a min déronme unha resposta distinta, parece ser que non hai usuarios e as auxiliares están a ir para outros Concellos. A xente segue esperando por horas, non temos libre concorrencia, á min non me estraña que vostedes teñan superávit, pero non me parece normal.

O señor Bello toma a palabra e dille que a el tamén lle gustaría que ela lle contestase que é unha emerxencia social, e despois dicir que xa se atenderon varios casos para o que ela expuxo, presentando toda a documentación. E en canto ao de que non se dan horas, non lle podo dar a cifra exacta, pero cando empezamos en dependencia vostedes perderon horas por non cubrilas e costou moito recuperar esas horas, agora temos máis do dobre e somos o concello da provincia que máis horas presta por libre.

Dona Florinda di que sempre estivemos entre os primeiros.

A señora Ramilo di que ela estivo 4 anos en servizos sociais e cando alguén tiña unha necesidade primeiro cubríase e non esperabamos polo papel.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:48 horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (4/2022) que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria do Concello, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Eva Jardón López